



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.eswww.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: CONVENIO URBANÍSTICO PARA A MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL DE EXTRAMUNDI DE ABAIXO E DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL DE EXTRAMUNDI DE ABAIXO

Faise público que en data 12 de febreiro de 2021 o Sr. Alcalde do Concello de Padrón ditou o decreto 103/2021, co seguinte tenor literal:

<<RESOLVO:

Primeiro. Admitir a trámite o borrador de convenio urbanístico de planeamento para a modificación do Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable Industrial de Extramundi de Abaixo e do Proxecto de Urbanización do Sector de Solo Urbanizable Industrial de Extramundi de Abaixo. conforme a proposta presentada en data 16 de outubro de 2020, que se transcribe na súa integridade no Anexo I da presente resolución.

Segundo. Abrir un periodo de información pública do expediente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así coma no taboleiro de anuncios do Concello, por prazo de UN MES dende a derradeira das publicacións referidas, para que os interesados poidan realizar as alegacións que estimen oportunas.>>

O expediente e texto íntegro do borrador está a disposición dos interesados nas oficinas de urbanismo do Concello de Padrón, polo prazo indicado na resolución, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Do mesmo xeito, o texto do convenio estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Padrón, no enderezo <https://sede.padron.gal/opencms/gl/informacion/>, así coma na páxina web do Concello de Padrón <http://padron.gal/es/>

Padrón, a 15 de febreiro de 2021

O Alcalde,

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira.